GUÍAS DE

SAÚDE PÚBLICA

Serie

II

INFORMES DO ESTADO DE SAÚDE

SERIE II: Sección VIH/SIDA: Informe 1

SIDA EN GALICIA. ANOS 1984 A 2005

(Data de edición: xuño de 2006)

XUNTA DE GALICIA

Edita: XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Saúde Pública
Servizo de Control de Enfermedades Transmisibles

D.L.: C-1936-06

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

GUÍAS DE SAÚDE PÚBLICA

SERIE II: Sección VIH/SIDA: Informe 1

SIDA EN GALICIA. ANOS 1984 A 2005

(Data de edición: xuño de 2006)

ÍNDICE

INTRODUCIÓN 1
A SIDA EN GALICIA 2
DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA 3
SEXO E IDADE 5
CATEGORÍAS DE TRANSMISIÓN 7
ENFERMIDADES DIAGNÓSTICAS 13
INSTITUCIÓN DECLARANTE 13
MORTALIDADE 13
DIFERENTES TIPOS E SUBTIPOS DO VIH-1EN GALICIA 14

INTRODUCIÓN

O Rexistro Galego da Sida recolle información sobre os casos de sida en Galicia que son facilitados polos profesionais sanitarios que fan o correspondente diagnóstico, tal como se cita na Orde do 4 de decembro de 1998 pola que se regula o sistema específico de vixilancia da sida en Galicia. Para a análise epidemiolóxica tamén se inclúen os casos rexistrados fóra de Galicia pero que residiron habitualmente na nosa Comunidade e, polo mesmo motivo, non son tidos en conta os casos declarados en institucións sanitarias galegas nos cales o concello de residencia habitual non é galego.

A base de datos que dá lugar ao presente informe actualízase continuamente, polo que poden existir cambios en anos pasados con respecto a informes anteriores. Ademais é moi importante ter en conta o atraso no rexistro dos casos, sobre todo nos casos diagnosticados no último ano, debido aos lapsos de tempo que se producen entre o diagnóstico, a declaración e a introdución dos datos no rexistro.Por outra parte, sempre existe unha proporción de casos que non se notifican, que se estima no noso medio arredor do 10%. Estes casos non son tidos en conta na actual publicación.

Dende finais da década dos 80 ata mediados dos 90, España foi o país do occidente europeo con maiores taxas de incidencia de sida, e a partir dese momento tal circunstancia correspóndelle a Portugal. A nosa Comunidade Autónoma ocupa no conxunto das 17 CCAA do Estado o sexto lugar en número acumulado

de casos e o décimo segundo en taxa de incidencia para o ano 2004 (non facemos referencia ao 2005 por presentar unha gran diferenza na porcentaxe de cobertura do rexistro no último período). A incidencia anual sitúase sempre por debaixo da media estatal.

A SIDA EN GALICIA

O primeiro caso de sida diagnosticado en Galicia data do ano 1984, e tratouse dun home que corresponde á categoría de consumo de drogas inxectables (CDI). Ata o ano 1996 a incidencia da sida mostra unha evolución ascendente, e a partir dese momento diminúe de forma importante, baixada que supón o 43% entre 1997 e 1998, para estabilizarse logo durante os anos transcorridos do século XXI cunha taxa de incidencia que ronda os 40 casos por millón de habitantes. Esta diminución atribúese aos logros na prevención da enfermidade e, fundamentalmente, á utilización dos tratamentos antirretrovirais nas persoas infectadas polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH). Ata o día 31 de decembro de 2005 notificáronse 70 novos casos para este último ano. Esta estabilización dos novos casos da sida non ten necesariamente que ir acompañada dun efecto paralelo nos casos de infección polo VIH. Polo que, na actualidade a prevención segue sendo a mellor estratexia contra a infección.

Gráfico 1: Nº de casos e incidencia da sida por ano de diagnóstico en Galicia.



Ano	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
nº casos	1	8	24	41	89	141	200	246	250	232	322	300	358	260	148	150	144	131	113	102	116	70
incidencia	0,3	2,9	8,8	15,0	32,5	51,6	73,2	90,0	91,7	84,9	117,7	109,5	130,6	95,2	54,1	54,9	52,7	47,9	41,2	37,0	42,1	25,3

(Datos a 31 de decembro de 2005)

Todas as taxas que se citan neste informe teñen en conta poboacións intercensuais calculadas polo Servizo de Epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública, a partir da interpolación entre os datos dos censos e padróns dende 1981 ata 1998, estando referidas ao 1 de xullo de cada ano dende 1984 ata 1998; as poboacións para os anos 1999 a 2005 considerá-ronse segundo os correspondentes padróns.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

O número acumulado de casos de sida, vivos e mortos, en Galicia é de 3.446, sendo a provincia da Coruña a que presenta maior número de casos (1.405 fronte aos 1.352 de Pontevedra). Non obstante, ao calcular as taxas acumuladas de 1984 ata 2005, por millón de habitantes, a provincia con maior taxa é Pontevedra (1.493 por millón de habitantes, polos 1.273 da Coruña), tamén debemos apreciar que a provincia de Ourense, a pesar de ter un número moi inferior de casos, presenta unha taxa próxima á da Coruña (1.152 por millón de habitantes).

Gráfico 2: Casos e incidencia da sida entre 1984 e 2005 por provincia. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

A incidencia anual por provincia de residencia é bastante irregular, como queda representada no seguinte gráfico, aínda que queda clara a tendencia xeneralizada ao descenso nas catro provincias, sendo Lugo a provincia que adoita estar por debaixo das demais.

Se temos en conta as diferentes áreas de saúde e períodos de sete anos dende 1984 a 2005, a distribución tamén é moi variable, pero as máximas incidencias de sida preséntanse en case todas as áreas entre os anos 1991-1997 (en Monforte foi no período 84-90), cunha tendencia á baixa no último período de oito anos. No último período considerado as áreas de saúde con maiores taxas son Ferrol e Pontevedra con cifras que superan os 500 casos novos por cada millón de habitantes no período de 1998 a 2005.

Gráfico 3: Incidencia da sida por provincia e ano. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Táboa 1: Casos de sida por provincia e ano de declaración. Galicia

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
1984	0	0	0	1	1
1985	3	0	0	5	8
1986	6	3	2	13	24
1987	14	6	7	14	41
1988	30	8	7	44	89
1989	39	9	23	70	141
1990	74	21	25	80	200
1991	103	22	34	87	246
1992	107	19	27	97	250
1993	80	19	31	102	232
1994	125	28	34	135	322
1995	112	34	41	113	300
1996	150	34	37	137	358
1997	114	21	34	91	260
1998	78	12	11	47	148
1999	69	6	24	51	150
2000	78	6	14	46	144
2001	61	14	10	46	131
2002	43	6	13	51	113
2003	42	7	10	43	102
2004	44	5	14	53	116
2005	33	7	4	26	70
Total	**1.405**	**287**	**402**	**1.352**	**3.446**

(Datos a 31 de decembro de 2005)

Táboa 2: Casos de sida por área de saúde e ano. Galicia

	A CORUÑA	FERROL	SANTIAGO	CERVO	LUGO	MONFORTE	O BARCO	OURENSE	PONTEVEDRA	O SALNÉS	VIGO	TOTAL
1984	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1
1985	2	1	0	0	0	0	0	0	3	1	1	8
1986	2	1	1	0	0	3	0	2	2	3	8	24
1987	12	0	2	1	3	2	0	5	8	0	5	41
1988	9	9	13	1	5	2	1	6	14	9	20	89
1989	25	4	11	1	6	2	0	22	19	5	43	141
1990	40	19	15	3	11	7	2	22	13	10	56	200
1991	69	13	20	3	12	7	1	31	22	12	47	246
1992	68	16	25	2	13	4	0	26	31	12	44	250
1993	46	16	17	1	18	0	2	28	23	13	61	232
1994	81	24	23	2	23	1	2	31	26	18	87	322
1995	75	18	20	6	24	3	3	38	32	7	71	300
1996	68	43	42	4	23	6	0	37	42	15	76	358
1997	62	20	33	3	15	3	3	31	21	5	62	260
1998	49	17	12	3	9	0	0	11	18	5	24	148
1999	31	20	21	2	4	0	0	22	18	5	25	150
2000	39	22	16	1	4	1	0	13	15	2	26	144
2001	30	16	17	5	9	0	0	10	22	3	19	131
2002	19	9	15	0	5	1	2	9	21	7	21	113
2003	27	7	8	5	2	0	2	8	17	4	22	102
2004	23	16	7	0	5	0	2	12	21	4	26	116
2005	22	6	8	1	5	1	0	3	10	1	12	70
Total	799	297	326	44	196	43	20	367	398	142	756	3.446

(Datos a 31 de decembro de 2005)

Para facilitar a visualización da evolución dos casos de sida en cada área de saúde, preséntanse as tendencias correspondentes ás da zona norte nunha gráfica, e da zona sur noutra.

Gráfico 4: Incidencia da sida por área de saúde e período. Galicia zona norte



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Gráfico 5: Incidencia da sida por área de saúde e período. Galicia zona sur



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Os datos da seguinte gráfica preséntanse de menor a maior incidencia de casos sida no último período considerado para as diferentes áreas de saúde.

Gráfico 6: Incidencia da sida por período e área de saúde. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

SEXO E IDADE

Respecto da distribución por sexos dos casos acumulados, o 78 % pertencen ao sexo masculino. A evolución do número de casos de ambos os sexos ao longo dos anos queda reflectida na seguinte representación.

Gráfico 7: Casos de sida por sexo e ano de diagnóstico. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

A razón de sexos (homes/mulleres) descende dende finais dos 80 ata mediados dos 90, pero dende 1996 o comportamento é máis irregular, aínda que a razón rolda o 3 a 1, sendo no ano 2005 de 2,2.

Gráfico 8: Razón de sexos na sida por ano de diagnóstico. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

A sida afecta fundamentalmente a adultos novos. O 72% de todos os casos tiñan no momento do diagnóstico entre 25 e 39 anos, e un total dun 88% corresponden a persoas entre os 20 e 44 anos.

Gráfico 9: Casos de sida por grupo de idade e sexo. Galicia 1984-2005



(Datos a 31 de decembro de 2005)

A idade no momento do diagnóstico presenta unha evolución crecente sostida. Nos anos 2002 a 2005 a mediana amosaba un valor de 38 a 39 anos.

Gráfico 10: Idade no momento do diagnóstico da sida. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

En canto ás cohortes de nacemento, as persoas nacidas entre os anos 1960 e 1964 son sobre as que a sida tivo un maior impacto en número de casos, aínda que nos casos declarados a partir do ano 1995 se observa que os nacidos no quinquenio seguinte son moi similares aos anteriores. De forma que en conxunto os nacidos na década dos 60 do século XX son os máis afectados entre as distintas cohortes de nacemento (57,2% do total de casos rexistrados ata o 31 de decembro de 2005).

Gráfico 11: Incidencia da sida por cohortes de nacementos. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Se analizamos a idade no momento de diagnóstico de sida e as tres principais categorías de transmisión (CDI, heterosexual e homosexual entre homes), tendo en conta os períodos considerados, obsérvase que os casos asociados ao consumo de drogas inxectadas sempre son os máis novos, mentres que se comparamos os casos de transmisión hetero e homosexual, adoitan ser maiores os asociados á transmisión homosexual nos dous primeiros septenios, pero no último período de oito anos son maiores as persoas con comportamentos asociados a practicas de risco heterosexuais sen protección.

Gráfico 12: Idade no momento do diagnóstico de sida. Por categoría de transmisión nun mesmo período de tempo. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Se manexamos os mesmos datos pero o que comparamos é a mesma categoría de transmisión, vendo como varía a idade con respecto aos diferentes períodos, temos que a idade das persoas usuarias de drogas inxectables teñen un comportamento moi regular ao longo do tempo e cunha lixeira tendencia a aumentar as idades do 50% central dos casos, pasando do período 1984-1990 de valores entre 25 a 30 anos ata o período de 1998-2005 con valores entre 28 a 36 anos.

Gráfico 13: Idade no momento do diagnóstico de sida por categoría de transmisión en tres períodos de tempo. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

O comportamento da idade das persoas con prácticas de risco heterosexuais é moi parecido aos anteriores pero con maiores idades. Mentres que o comportamento da idade dos homes que teñen relacións sexuais con outros homes é máis irregular.

CATEGORÍAS DE TRANSMISIÓN

A categoría de transmisión máis frecuente ao longo dos anos é a asociada ao consumo de drogas inxectadas, situándose no ano 2005 no 35,7%. Por outra parte, a transmisión heterosexual é xa a categoría máis frecuente no último ano cun 37,1% dos casos.

Gráfico 14: Casos de sida por ano de diagnóstico e categoría de transmisión. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

A continuación presentamos catro gráficas que amosan a evolución do número de casos das principais categorías de transmisión. Na imaxe que representa os casos novos de sida en usuarios de drogas inxectables observamos un descenso claro a partir de mediados dos anos 90. Na categoría de homes que teñen relacións sexuais con homes a evolución é máis irregular, cunha aparente tendencia á estabilización.

Gráfico 15: Casos novos de sida en usuarios de drogas inxectables. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Gráfico 16: Casos novos de sida en homes con prácticas homoxexuais. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Gráfico 17a: Casos novos de sida en homes por transmisión heterosexual. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Gráfico 17b: Casos novos de sida en mulleres por transmisión heterosexual. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Na categoría de transmisión heterosexual facemos a análise por separado, tendo en conta os homes e as mulleres. Nos homes obsérvase unha evolución similar á do consumo de drogas inxectables, pero no caso das mulleres houbo unha tendencia á estabilización dos casos por transmisión heterosexual a partir de 1999.

Se estudamos a distribución das porcentaxes referentes ás diferentes categorías de transmisión por sexos, observamos que existen diferenzas notorias. Aínda que a categoría asociada ao consumo de drogas inxectadas é a máis frecuente en ambos os sexos para o total do período 1984-2005, neste último ano representa un 42% nos homes, e o 23% para as mulleres. Debemos destacar que a transmisión heterosexual supuxo o 54% dos casos nas mulleres diagnosticadas da sida no ano 2005, e no 23% dos homes. No 25% dos homes diagnosticados de sida neste último ano a transmisión está asociada ás relacións sexuais con outros homes.

Gráfico 18a: Casos de sida en % por categoría de transmisión e ano en homes. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Gráfico 18b: Casos de sida en % por categoría de transmisión e ano en muelleres. Galicia



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Táboa 3: Número de casos de sida por categoría de transmisión en homes. Galicia - (Datos a 31 de decembro de 2005)

	CDI	T. heteros.	H. hom./bisex.	Rec. Hem.	Rec. sangue	Fillos nai risco	Outros/desc.	TOTAL
1984	1	0	0	0	0	0	0	1
1985	3	0	2	2	0	0	0	7
1986	12	0	1	5	0	0	0	18
1987	23	5	1	3	0	1	0	33
1988	52	4	8	2	2	1	1	70
1989	92	5	12	5	2	0	1	117
1990	124	8	20	6	3	0	3	164
1991	141	17	24	8	3	0	8	201
1992	146	22	20	1	2	0	5	196
1993	135	16	18	4	1	1	5	180
1994	182	41	19	3	1	0	3	249
1995	148	33	26	4	0	1	3	215
1996	196	51	26	3	0	0	9	285
1997	124	40	15	2	3	0	9	193
1998	72	27	12	2	0	0	4	117
1999	74	31	8	0	0	0	6	119
2000	59	25	13	1	0	0	9	107
2001	66	22	6	2	1	0	8	105
2002	45	18	13	0	0	0	12	88
2003	41	19	9	0	0	0	5	74
2004	46	19	14	0	0	0	7	86
2005	20	11	12	0	0	1	4	48
	1.802	**414**	**279**	**53**	**18**	**5**	**102**	**2.673**

Táboa 4: Número de casos de sida por categoría de transmisión en mulleres. Galicia - (Datos a 31 de decembro de 2005)

	CDI	T. heteros.	Rec. Hem.	Rec. sangue	Fillos nai risco	Outros/desc.	TOTAL
1984	0	0	0	0	0	0	0
1985	1	0	0	0	0	0	1
1986	6	0	0	0	0	0	6
1987	5	2	0	0	0	1	8
1988	18	1	0	0	0	0	19
1989	12	7	0	2	3	0	24
1990	28	6	0	1	1	0	36
1991	36	6	0	1	0	2	45
1992	37	14	2	0	1	0	54
1993	37	12	1	1	0	1	52
1994	48	20	1	3	0	1	73
1995	47	34	0	2	1	1	85
1996	34	32	0	1	1	5	73
1997	33	25	2	0	2	5	67
1998	18	9	0	0	0	4	31
1999	14	12	1	1	0	3	31
2000	19	17	0	0	0	1	37
2001	12	11	0	1	0	2	26
2002	12	12	0	0	0	1	25
2003	15	10	0	0	1	2	28
2004	12	14	0	0	0	4	30
2005	5	15	0	0	0	2	22
	449	259	7	13	10	35	773

Gráfico 19: Casos novos de sida por grupo de idade nas tres principais categorías de transmisión. Galicia 1984-2005

19a: Transmisión por consumo de drogas inxectables



19b: Transmisión heterosexual



19c: Transmisión en homes que teñen relacións sexuais con outros homes



(Datos a 31 de decembro de 2005)

Para facilitar a comparación das categorías de transmisión por sexos, presentamos os datos agrupados por períodos:

Gráfico 20: Categorías de transmisión da sida por sexos. Galicia 1984-2005

Gráfico 20a: Categorías de transmisión da sida por sexos. Galicia 1984-1990



Gráfico 20b: Categorías de transmisión da sida por sexos. Galicia 1991-1997



Gráfico 20c: Categorías de transmisión da sida por sexos. Galicia 1998-2005



(Datos a 31 de decembro de 2005)

ENFERMIDADES DIAGNÓSTICAS

A enfermidade indicativa de sida máis frecuente no momento do diagnóstico nos casos acumulados de sida en Galicia é a tuberculose diseminada ou extrapulmonar (23% das 4.187 enfermidades diagnosticadas), seguida da pneumonía por *Pneumocystis jiroveci -antes carinii-* (16%) e a candidiase esofáxica (14,5%).

O motivo polo cal a gráfica se presenta segundo dous períodos de tempo é que no ano 1994 se ampliou a definición de caso sida para a vixilancia epidemioló-xica, engadindo tres novas entidades: a tuberculose pulmonar en maiores de 12 anos, as pneumonías bacterianas recorrentes (dous episodios ou máis nun período de 12 meses) e o cancro invasivo de colo uterino.

Tendo en conta isto último e para o período de 1994 a 2005, a enfermidade indicativa de sida máis frecuente no momento do diagnóstico é a tuberculose (32,8% das 2.522 enfermidades diagnosticadas), seguida da pneumonía por *Pneumocystis jiroveci* (15,2%) e a candidiase esofáxica (13,4%).

Gráfico 21: Enfermidades indicativas de sida máis frecuentes no momento do diagnóstico. Galicia 1984-2005



(Datos a 31 de decembro de 2005)

INSTITUCIÓN DECLARANTE

A institución que máis casos declara ao Rexistro Galego da Sida é o Complexo Hospitalario Juan Canalejo (23,6% dos casos).

Gráfico 22: Casos totais de sida nas institución que máis declaran. Galicia 1984-2005



(Datos a 31 de decembro de 2005)

MORTALIDADE

Do total de casos notificados ao rexistro, temos constancia do falecemento do 56,1% e case sempre entre as persoas que tiñan entre 25 e 44 anos (78,6% do total de persoas falecidas) no momento de diagnóstico de caso sida.

Se consideramos o grupo etario de 25 a 34 anos, a sida representou a primeira causa de morte entre os anos 1993 a 1996, para posteriormente compartir o segundo lugar cos suicidios e lesións autoinflinxidas, para a partir do 2001 ser a terceira causa de morte.

Gráfico 23: Taxas de mortalidade por idade e grupos específicos (25-34 anos). Galicia 1991-2003



Ao analizar a mortalidade por sida no grupo etario de 35 a 44 anos obsérvase que as diferenzas son menos chamativas, así entre os anos 1994 e 1996 tanto os accidentes de tráfico como a sida son as primeiras causas de morte con niveis moi similares de mortalidade. A partir de 1997 a primeira causa sempre é accidentes de tráfico, mentres que a sida se iguala moito coa mortalidade polas enfermidades isquémicas do corazón e os suicidios e lesións autoinflinxidas, pero cunha lixeira tendencia á alza desde o 2001.

Gráfico 24: Taxas de mortalidade por idade e grupos específicos (35-44 anos). Galicia 1991-2003



Nos gráficos 23 e 24 amósanse as taxas de mortalidade por causa específica e por cada cen mil habitantes para os grupos etarios de 25 a 34 anos e de 35 a 44 anos. A sida correspóndese concretamente coa epígrafe 279 da CIE-9 ata o ano 1998, e B20-B24 segundo a CIE-10 dende o ano 1999.

Se temos en conta os anos potenciais de vida perdidos (APVP), durante os anos 1995 e 1996 a sida foi a segunda causa de APVP por detrás dos accidentes de tráfico. Dende o ano 1997 descende con respecto ás primeiras causas (accidentes de tráfico, tumor maligno de traquea/pulmón, infarto agudo de miocardio, ...).

Gráfico 25: Principais causas de APVP. Galicia 1995-2003



DIFERENTES TIPOS E SUBTIPOS DO VIH-1 EN GALICIA

O Sistema de Vixilancia Microbiolóxica e Molecular do VIH en Galicia, en colaboración cos hospitais do Servizo Galego de Saúde e co Instituto Carlos III de Madrid, fai dende o ano 2000 un estudo dos tipos e subtipos de todos os casos novos de infección, todos os infectados que teñen algunha resistencia a algún antirretroviral, infectados retratados, nais VIH(+) e os seus fillos.

O subtipo circulante máis frecuente no mundo é o subtipo C, pero en Galicia e no estado español é, maioritariamente, o B (no noso medio debido á escasa frecuencia dos subtipos diferentes ao B, chámanse subtipos non B). Un estudo multicéntrico realizado no Estado español a finais do século pasado situaba arredor do 2% os subtipos non B do VIH en España. Outro estudoo realizado cunha mostra representativa das persoas afectadas por esta infección en Galicia nos anos 1999 e 2000, atopou

unha prevalencia do 5,1% dos subtipos non B na nosa comunidade. Esta porcentaxe vai en aumento e sitúase a 28 de marzo de 2006 nun 8,7% dos 1.801 pacientes VIH(+) estudados en Galicia.

Táboa 5: Subtipos B e non B das infeccións VIH-1 en Galicia.Resultados das análises efectuadas a 1.801 VIH(+) nos anos 1999 a 2006.

1.644 subtipo B (91,3%)	**157 subtipo non B (8,7%):** 36 G (22,9%) 33 CRF02_AG (21,0%) 19 BG (URF)(12,1%) 18 C (11,5%) 14 CRF14_BG (8,9%) 10 BF (URF) (6,4%) 5 A (3,2%) 4 CRF12_BF (2,5%) 3 F1 (1,9%) 3 AGU (1,9%) 12 outros (7,6%)

(Datos a 28 de marzo de 2006)

Se temos en conta soamente os casos novos de infección polo VIH, os subtipos non B e formas recombinantes representan o 23,6% dos casos detectados entre maio de 2000 e abril de 2005.

Táboa 6: Subtipos B e non B en 182 novas infeccións VIH-1 en Galicia entre maio de 2000 e abril de 2006.

139 subtipo B (76,4%)	**43 subtipo non B (23,6%):** 10 CRF02_AG (23,3%) 8 C (18,6%) 8 G (18,6%) 5 BG (11,6%) 5 F1 e BF (11,6%) 7 outros (16,3%)

(Datos a 28 de marzo de 2006)

GUÍAS DE

SAÚDE PÚBLICA

HIGEA
Deusa da Saúde

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

SERGAS
Servizo Galego de Saúde